



A CIG-Ensino pide explicacións e resposta aos erros cometidos no CXT de Infantil e Primaria

Nada máis publicarse a resolución definitiva do CXT, a CIG-Ensino detectou e comunicou á administración que na **resolución definitiva do CXT de mestres** non eliminaron o persoal que lle fora adxudicada praza no **Concurso de Orientación de Primaria**.

Ao longo desa mesma mañá a administración comunicounos que eran 8 as persoas afectadas e que ían analizar que medidas adoptar.

Nestes últimos días a Consellaría confirmoulle á CIG-Ensino que non todas as persoas directamente afectadas ían reclamar, xa que algunha comunicara a súa intención de non facelo. Na Mesa Sectorial de hoxe, a CIG-Ensino, para alén de criticar o erro cometido e que afecta a un número moi superior de persoas, pediu explicacións sobre esas medidas que tiña pensado adoptar e exixiu que se atenda todas as reclamacións que non afecten a terceiras persoas e supoñan unha mellora na adxudicación.

Vanse atender os recursos das afectadas da maneira que corresponda resolvendo o antes posíbel.

A CIG-Ensino exige que se adxudiquen as prazas nos CMUS superiores

A CIG-Ensino xa denunciou a retirada indebida das vacantes definitivas de todas as prazas do corpo de profesorado de música e artes escénicas (594) nos CMUS Superiores da Coruña e Vigo. Foron un total de 6 no CMUS

da Coruña e 8 en Vigo, afectando a 14 persoas directamente e con efectos tamén nas resultas

A CIG-Ensino xa lle comunicou á Consellaría que non se pode deixar todo pendente da lei estatal, cando o Ministerio avanzou que non haberá cambios nos corpos docentes até o curso 2027. Tampouco existe neste momento ningún motivo (execución de sentenzas) para retirar con carácter xeral todas as prazas. Tendo en conta a sentenza do TSXG de 2018 gañada pola CIG-Ensino e que implicou un cambio na redacción no texto do concurso xeral de traslados, a Consellaría estaría actuando dun xeito arbitrario. A administración só pode eliminar prazas adxudicadas na resolución provisional se cometeu un erro. Todas as prazas son estruturais, con horario e sen afectación por terceiras persoas, polo que a decisión de retiralas é claramente arbitraria e non conforme a dereito.

Po tanto, o sindicato exige que se atendan todos os recursos de reposición e poidan obter destino nos CMUS Superiores as persoas que por puntuación lle corresponda.

A Consellaría afirmou que revisarán os recursos. Foi estraño neste punto que a única organización sindical que se posicionara a favor fora a CIG-Ensino e que incluso algunha se manifestara en contra.

Atención ás necesidades educativas

Desde a CIG-Ensino levamos anos denunciando que as prazas de atención preferente son un mal parche á falta de profesorado para atender ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) pero o

que xa é o colmo é que nin ese parche teñamos este ano, desde a CIG-Ensino esiximos que de non convocarse as prazas de atención preferente no CADP se cubran todas as praza necesarias para atender as neas nos centros educativos e esperamos non volver a oír nas direccións provinciais que se está cumprindo o catálogo de postos de traballo, cando todos sabemos que este catálogo fala das prazas mínimas e que segundo as necesidades dos centros esas prazas se poden aumentar.

E de cara ao ano que vén desde o sindicato esiximos da Consellaría:

- A creación de máis prazas de PT e AL con carácter definitivo en lugar de precarizar a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. O actual catálogo de postos de traballo dos centros de infantil e primaria, como xa dixemos, permite aumentar estes docentes especialistas en función das necesidades reais existentes.
- Un compromiso real coa educación inclusiva e equitativa, como marca a lexislación vixente e os principios básicos dun sistema educativo público e integrador.

Non se vai convocar a orde atención preferente pero van facer un novo procedemento para cubrir as necesidades dos centros, incluíndo neste procedemento a prórroga por un ano do persoal que está en atención preferente e así o solicite.

Constitución dos tribunais

A Consellaría ten que informar ás presidencias dos tribunais de cal é a forma correcta de constituír os tribunais, estamos tendo queixas de persoas que son chamadas en días non lectivos a móbiles privados, que reciben whatsapp de móbiles que non coñecen... e todo iso para constituír os tribunais sen respectar a desconexión dixital á que ten dereito calquera traballadora, todo o persoal da Consellaría ten un correo corporativo que debería ser o utilizado polas presidencias para convocar aos tribunais e facelo co tempo necesario e non de hoxe pola mañá a hoxe pola tarde... En definitiva as presidencias teñen que ter unhas pautas claras para convocar ao persoal membro do tribunal para a súa constitución, non pode facelo cada presidencia como considere.

Tamén consideramos necesario que a Consellaría informe aos tribunais da recente sentenza gañada pola CIG-Ensino, na que obriga a un tribunal a convocar de novo a un opositor por non respectar o prazo de 24 horas HÁBILES para o chamamento, é dicir, **que ningún tribunal convoque sen o mínimo das 24 horas hábiles.**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal